



Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

### **RESOLUCIÓN Nº 126 /2014 DE 27 DE MAIO DE APROBACIÓN DAS BASES PARA CREAR UNHA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATAR, CON CARÁCTER TEMPORAL, AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE PONTECESO**

#### **ANTECEDENTES**

O Concello de Ponteceso aprobou o día 3 de xuño de 2010 a resolución nº 168 pola que se aprobaban as bases para crear unha bolsa de traballo para contratar, con carácter temporal, auxiliares de axuda no fogar, para cubrir as necesidades do servizo.

Estas bases foron modificadas o día 28 de xuño de 2010 por Resolución de alcaldía nº 197/2010.

Durante o prazo de vixencia deste bolsa de traballo detectáronse situacións que é preciso corrixir, entre elas situacións derivadas da base 9ª de funcionamento da bolsa de traballo.

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

- Artigos 23.2 e 103 da Constitución Española
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público
- Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso na Administración Xeral do Estado
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada

Polo anterior, RESOLVO:

1º.- Deixar sen vixencia a bolsa de traballo anterior aprobada por Resolución de alcaldía 168/2010 e modificada por Resolución de alcaldía 197/2010, a partir do momento en que por Resolución de alcaldía se configure a nova Bolsa de Traballo

2º.- APROBAR as bases dunha nova bolsa de traballo, atendendo a todas as necesidades anteriormente indicadas, que queda do seguinte xeito:

“ BASES PARA CREAR UNHA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATAR, CON CARÁCTER TEMPORAL, AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO”

#### **1 Obxecto**

O Concello de Ponteceso precisa crear unha bolsa de traballo para contratar auxiliares de axuda no fogar, con carácter temporal, para cubrir as necesidades que vaian xurdindo durante o exercicio 2014, con posibilidade de prorrogar esta bolsa para anos sucesivos mentres o concello non aprobe unha nova ou ata que estime necesario manter esta bolsa.

Na actualidade este Concello de Ponteceso conta con 5 auxiliares contratadas de axuda no fogar a xornada completa. Pero é preciso abrir a bolsa para cubrir todo o servizo que coas 5 auxiliares de axuda no fogar non se cubre, isto é as licenzas, permisos, vacacións e baixas (ITT) destas, de ser o caso, cando o concello non poda garantir que os maiores beneficiarios do servizo ante estas situacións queden atendidos, tanto pola semana como os Sábados, Domingos festivos. Igualmente utilizarase a Bolsa de Traballo para cubrir interinidades

Os/as aspirantes cubrirán os diferentes postos con contratos laborais a xornada completa ou xornada parcial de duración determinada e, de ser o caso, mediante o nomeamento de interino/a para os casos de cubrir prazas libres ou de substituír persoal laboral con reserva do posto de traballo, e as retribucións serán as previstas no orzamento municipal.

## **2 Requisitos**

Os/as aspirantes deberán reunir todos e cada un dos seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dun estado membro da Unión Europea. Tamén poderán participar outras persoas estranxeiras, sempre que teñan residencia legal en España e autorización para traballar que lle permita incorporarse inmediatamente ao posto de traballo
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa
- c) Estar en posesión do Curso de atención sociosanitaria a persoas no fogar ( de 600 horas) ou formación superior relacionada coa atención a persoas maiores
- d) Permiso de conducir e coche propio
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública nin ter sido inhabilitado para desempeñar funcións públicas
- f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desempeño das correspondentes funcións
- g) Non ter antecedentes penais nin causas abertas por agresións a terceiras persoas, malos tratos, etc.
- h) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da categoría á que se aspira

## **3 Instancias**

As persoas interesadas dirixirán a súa instancia ao alcalde do concello no prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria na páxina web municipal e no Taboleiro de anuncios.

A instancia estará acompañada de:

- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia compulsada do permiso de conducir
- Fotocopia compulsada da titulación esixida para a praza
- Certificado de empresa ou fotocopia compulsada dos contratos de traballo
- Fotocopia compulsada dos certificados de asistencia aos cursos con especificación das materias tratadas e das horas
- Fotocopia compulsada dos títulos
- Informe orixinal da vida laboral

Non se valorarán os documentos que non especifiquen as horas, o tipo de xornada ou outros conceptos necesarios para valoralos correctamente, así como os méritos que as persoas aleguen pero non xustifiquen debidamente na documentación que presenten.

## **4 Admisión e exclusión de persoas aspirantes**



Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

A listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas sairá publicada na páxina web municipal e no Taboleiro de anuncios no prazo máximo de cinco días. As persoas interesadas poderán reclamar contra a listaxe de aspirantes admitidos/as e excluídos/as así como solicitar a corrección de erros materiais no prazo dos dez días hábiles seguintes á publicación.

A listaxe elevarase a definitiva sen necesidade dunha nova publicación se as persoas interesadas non presentan ningunha reclamación.

Serán excluídas das probas as persoas aspirantes que non corrixan no prazo sinalado a causa da súa exclusión ou que non aleguen que foron omitidas xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de persoas admitidas.

### **5 Proceso de selección**

#### **5.1. Fase de oposición**

de carácter obrigatorio e eliminatorio

Proba selectiva: consistirá en contestar a un cuestionario de 10 preguntas en relación coa Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar publicada no BOP o día 19 de marzo de 2014 e as funcións que hai que desenvolver. Ese cuestionario estará composto por preguntas con respostas múltiples e só unha delas será a resposta correcta.

O tempo máximo para realizar este exercicio serán de 30 minutos. O tribunal cualificará do seguinte xeito: as respostas acertadas valerán 1 punto. O tribunal valorará o resultado do exercicio de 0 a 10 puntos. Sera necesario acadar un 5 para aprobar

#### **5.2. Fase concurso**

superada a fase de oposición, o tribunal fará a baremación mediante a valoración dos méritos alegados.

O tribunal valorará os méritos de acordo cos seguintes parámetros:

- Méritos profesionais:

O tribunal considerará que son méritos profesionais a experiencia laboral debidamente acreditada ata un máximo de 4 puntos.

Por mes completo ou a fracción superior a 15 días traballados na administración pública ou nunha empresa privada, en igual posto ou similar: 0,10 puntos

- Formación académica:

O tribunal non valorará a titulación académica esixida para acceder á praza.

O tribunal valorará outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas coa praza, a razón de 1,5 puntos por titulación académica, cun máximo de 3 puntos.

- Formación:

A puntuación total non excederá de 3 puntos.

Asistencia a cursos de formación ou perfeccionamento organizados, impartidos ou homologados pola administración pública e/ou por organizacións sindicais, sempre que estean relacionados directamente co posto que se vai desempeñar. O tribunal valorará este apartado mediante a aplicación da seguinte fórmula: núm. de horas x 0,005 puntos.

O tribunal terá en conta a puntuación obtida na proba escrita, no caso de empate. O tribunal poderá establecer as probas que considere oportunas, no caso de continuar o empate, baseándose en criterios de capacidade.

### **6 Tribunal de selección**

O tribunal que ten que cualificar os méritos e as probas realizadas estará constituído por un/ha presidente/a e catro vocais, un/ha dos/as cales actuará como secretario/a.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello as cualificacións por orde de puntuación e elevará ao alcalde a proposta de contratación a favor do aspirante que acadara a máxima puntuación, unha vez cualificada a cualificación das persoas aspirantes.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas, en todo o que non estea previsto nas bases.

### **7 Data, hora e lugar de realización das probas**

A data, a hora e o lugar de celebración das probas publicarase na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do concello, xunto coa listaxe definitiva de persoas admitidas e a composición do tribunal, cunha antelación mínima de 5 días á celebración das probas.

O tribunal, unha vez que remate o proceso, redactará a acta que deberán autorizar o/a presidente/a e o/a secretario/a coas súas sinaturas. O tribunal establecerá nesa acta a listaxe de persoas que aspiran ao posto e as súas correspondentes puntuacións e elevará a súa proposta ao alcalde. para formar parte da bolsa de traballo será necesario, a maiores de ter superada a fase de oposición, ter alomenos 3 puntos na fase de concurso

A proposta será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal , constituíndo a relación preferente para cubrir posibles vacantes para os efectos de darlle resposta a posibles baixas, vacacións, renuncias, etc., entendendo que a orde de prelación da listaxe servirá de bolsa de traballo para efectuar novas contratacións nos supostos anteriormente mencionados durante o período de vixencia desta bolsa.

As persoas colocadas pola puntuación derivada da baremación deste concurso serán contratadas, de ser o caso, tanto para a cobertura das traballadoras que cubren o servizo de Luns a Venres ( xornada completa) como para a cobertura dos/as traballadores/as que cubren o servizo en Domingos, festivos e según necesidades da Coordinación de Servizos Sociais do Concello de Ponteceso ( dentro da xornada parcial de 20h/semanais)

### **8 Funcionamento da bolsa de traballo**

Esta bolsa de traballo xurde para cubrir a necesidades temporal de auxiliares de axuda no fgar durante as vacantes, ausencias, vacacións, baixas do persoal de municipal do Servizo de axuda no fogar ou para cubrir novas contratacións temporais que se poidan necesitar para o servizo.

atendendo ás necesidades do servizo, a Traballadora Social emitirá un informe/proposta conformada polo alcalde ou concelleiro delegado, acudíndose á relación de candidatos que integran esta Bolsa de Traballo para cubrir estas vacantes.

O contrato dos/as auxiliares será en función das necesidades do servizos.

A xornada e horario do contrato dos/as auxiliares de axuda no fogar estarán vinculados ás necesidades do servizo

Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar os seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.

Os aspirantes aos que se oferten traballos temporais deberán manifestar a súa opción, incluso verbalmente, no prazo de 1 día natural dende a comunicación. para iso chamaráselle telefónicamente aos números que achegaron xunto coa instancia.

Se un familiar ou persoa distinta a/ao aspirante fose o que contestase á oferta telefónicamente, entenderase que será o responsable de comunicarlle a/ó seleccionado/a.

Se o/a interesada non manifesta a súa conformidade co nomeamento no prazo de 1 día natural, entederase que renuncia ao mesmo e se lle postergará ao último posto da bolsa de traballo.

A persoa candidata chamada pasará a ocupar o último posto, previa resolución do alcalde, se non aceptara a praza ofertada ou renunciara no transcurso do seu exercicio profesional durante o período de vixencia da bolsa.

Os aspirantes seleccionados manteranse na mesma orde durante o proceso de vixencia desta Bolsa, de forma que ao finalizar cada unha das correspondentes contratacións ou nomeamentos, seguirá no mesmo orde de chamada para novos contratos ou nomeamentos. Esta orde manterase ata completar o período de 6 meses contratados, en cómputo de xornada completa ou 12 en parcial, a través desta Bolsa, sexa de xeito contínuo ou ininterrompido, pasando neste caso a ocupar o último posto, agás



Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

no suposto de que se estea cubriendo unha interinidade de forma continúa ós seis meses en xornada completa ou os 12 meses en xornada parcial, que nese caso, respectarase o período completo de duración da interinidade e rematado éste, pasará a ocupar o último posto

### **9 Lexislación aplicable**

Esta convocatoria réxese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, pola Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

### **10 Impugnacións**

As persoas interesadas poderán impugnar a convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do tribunal, nos casos e na forma establecida na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común en vigor e na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### **11 Organización**

As traballadoras avisarán á Coordinación da Área de Servizos Sociais deste concello de Ponteceso de todas as licenzas, permisos e vacacións que vaian solicitar con alomenos 2 semanas de antelacións para que os maiores non queden desatendidos, de tal maneira que a falta de asistencia ao posto de traballo, agás no caso de baixa médica, sen a autorización coa antelación suficiente, suporá abandono do posto de traballo con deducción proporcional de haberes ou no seu caso tomaranse as medidas disciplinarias convintes

Ponteceso, 27/05/2014

O alcalde

José Luis Fondo Aguiar

Dou fe.

A secretaria

Cristina Castro Fuentes

